



# URBANISMO E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

As cidades son lugares onde se concentran a poboación e as súas actividades. Estas cidades desempeñan unha serie de funcións básicas e concentran servizos esenciais. Na cidade coinciden os intereses (ás veces enfrontados) de moi diferentes **axentes urbanos** (promotores inmobiliarios, empresarios, poderes públicos, veciños...). A tarefa dos Concellos, a través do urbanismo e dos Plans Urbanísticos, é servir de marco para consensuar eses intereses diverxentes, mediante propostas que pretenden solucionar os problemas actuais da cidade e formular a súa evolución futura.



Más de 340 persoas participaron na enquisa cidadá sobre as necesidades e obxectivos urbanísticos nos barrios de Lutzana e Burtzaña de Barakaldo.

Web do Concello de Barakaldo,  
30-1-2013




En España os **Plans Urbanísticos** son un documento técnico que ten unha dimensión política e legal, xa que nel se concentran todas as disposicións e propostas relacionadas co crecemento e evolución da cidade. Nos Plans Urbanísticos fórmulanse cales deben ser os lugares, as pautas e os ritmos de expansión da cidade; así como os procedementos para renovar os barrios xa construídos, modernizándoos ou resolvendo os problemas herdados.

Nos Plans Urbanísticos teñen moita importancia os **transportes** públicos e o desenvolvemento da viabilidade do tránsito privado: hai que pensar por onde deben circular os vehículos, as dimensións das rúas e avenidas e, especialmente, planificar o futuro dos transportes xa que a construción das súas infraestruturas (metro, aeroportos, estacións de ferrocarril...) require investimentos complexos, custosos e cunha previsión a longo prazo.

Tamén deben prever a dotación de **servizos e de equipamentos** (escolas, aparcadoiros, zonas verdes, auga potable, gas, electricidade, recollida de residuos, etc.) en función da poboación que ocupará os novos barrios que se proxectan.

Inclúen a **normativa e ordenanzas** de edificabilidade, os estándares de habitabilidade das casas e do número mínimo e máximo de habitantes por cada equipamento, a altura e máis a tipoloxía dos edificios, a separación de usos e funcións, etc.






O **Plan Xeral de Ordenación Urbana (PXOU)\*** é o instrumento que ordena o crecemento da cidade no seu conxunto. Tradicionalmente, eran elaborados por técnicos, sen contar apenas coa opinión pública; pero nas últimas décadas fóronse abrindo cada vez máis á participación cidadá.

Os Plans Urbanísticos, ao afectar ao conxunto do municipio e prever o desenvolvemento a moitos anos vista (entre 4 e 15 anos, normalmente), precisan de **Plans Parciais** que permitan actuar máis polo miúdo sobre áreas urbanas concretas e de **Plans Especiais**, que ordenan aspectos específicos, como as áreas degradadas ou o casco antigo.

Os **Plans Especiais de Reforma Interior (PERI)** ou **Plans Especiais de Protección e Reforma Interior (PEPRI)** ocúpase da remodelación de barrios xa consolidados e que requiren un tratamento específico; por exemplo, polo seu especial valor histórico ou polas precarias condicións nas que se desenvolveron.



## Clasificación do solo

Aínda que con denominacións cambiantes, segundo as novas lexislacións e segundo o aprobado en cada Comunidade Autónoma, en España o *PXOU* establece a clasificación do solo do municipio en varias categorías:

- **Solo urbano:** é o solo xa construído, xa urbanizado e que conta con rúas trazadas e con subministración de auga, electricidade, rede de sumidoiros, etc. É a parte da cidade que vemos edificada ou ben que xa dispón de todo o necesario para que se poida contruír nela.
- **Solo urbanizable:** son os terreos que nun futuro máis ou menos inmediato poderán ser urbanizados e construídos ata conformar solo urbano e, deste xeito, ser considerados parte da cidade.
- **Solo non urbanizable:** trátase do solo que nunca poderá ser urbanizado, nin edificado baixo ningún concepto, xa sexa porque se trata de zonas protexidas polos seus valores ambientais, paisaxísticos, históricos, culturais, etc., ou ben porque son áreas que sofren riscos potenciais ou por outras razóns de beneficio colectivo.
- **Sistemas xerais:** terreos destinados ao funcionamento xeral do municipio, como a rede viaria, as zonas verdes, os equipamentos e servizos urbanos, as infraestruturas de titularidade pública...



A **cualificación do solo\*** é o establecemento no Plan Urbanístico dos **usos do solo** e da **edificabilidade** do solo previamente clasificado en urbano, urbanizable ou non urbanizable.

